

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, do borrador da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de outubro de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Boletín Oficial do Estado número 282, do 25 de outubro de 2020).
- Anuncio do Consorcio das Mariñas, respecto da aprobación provisional dos estatutos da Mancomunidade As Mariñas. (Boletín Oficial da Provincia número 180, do 27 de outubro de 2020).
- Orde de 21 de outubro de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 212-bis, do 21 de outubro de 2020).
- Resolución do 13 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se modifica o anexo da

Resolución de 8 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN519B). Figura o Concello de Cambre coa finalidade “renovación do emisario da rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo (tramo A Marisqueira) coa contía da axuda por importe de 103.527,33 euros. (Diario Oficial de Galicia número 215, do 26 de outubro de 2020).

### 3º.- Expedientes de contratación

**3.1. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Alvac, S.A.* adjudicataria da obra denominada “*Rede de saneamento e pavimentación en PEIRAI O (BRIBES), CAMBRE 2013*”, obra incluída na 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) Adicional 1/2014 da Exma. Deputación Provincial da Coruña. Expediente 2015/C003/000002**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 04 de novembro de 2015, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Alvac, S.A.* para a execución da obra denominada “*Rede de saneamento e pavimentación en PEIRAI O (BRIBES), CAMBRE 2013*”, obra incluída na 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) Adicional 1/2014 da Exma. Deputación Provincial da Coruña. Expediente 2015/C003/000002

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva mediante seguro de caución con número 30000307/00000141 de data 15/10/2015 e importe de 2.576,51 euros, con número de rexistro 627 e data de depósito de 19/10/2015, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal., con data do 06 de marzo de 2019.

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 311/2020 emitido pola Intervención Municipal con data do 15 de outubro de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS P) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Alvac, S.A.*”, con CIF A4001.... e enderezo Polígono de Bergondo, rúa Parroquia de Bergondo, Parcela 29, local 1-2, 15165, Bergondo, A Coruña, no expediente número 2015/C003/000002, para a execución da obra denominada “*Rede de saneamento e pavimentación en PEIRAI O (BRIBES), CAMBRE 2013*”, obra incluída na 2ª Fase do Plan Provincial de

*Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) Adicional 1/2014 da Exma. Deputación Provincial da Coruña.*

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 16 ao 22 de outubro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1532/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 1586/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1532/2020	16-10-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de outubro de 2020
1533/2020	16-10-2020	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do judo durante o ano 2019
1534/2020	16-10-2020	Proposta de reintegro de importe da concesión subvención a entidades locais para o fomento da conciliación (SI435B 2019/20)
1535/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.B.B. durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1536/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.R.R. durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto (aplicación da



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1537/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a V.O.C. durante 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto
1538/2020	16-10-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 10/2020. Subvencións municipais e achegas ás garderías municipais.
1539/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a J.J.C.U.
1540/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a M.J.B.A. durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.
1541/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.G.J. durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto.
1542/2020	16-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.F.A.V. durante 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto.
1543/2020	19-10-2020	Reparación urxente do canlón do Centro Municipal de Formación
1544/2020	19-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 122.623,02 euros
1545/2020	19-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 121.643,09 euros
1546/2020	19-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.R.D.M. por un período de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto.
1547/2020	19-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.R.M.P. durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1548/2020	19-10-2020	Compra de persianas de lamas verticais e estores
1549/2020	19-10-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 22 de outubro de 2020
1550/2020	19-10-2020	Celebración voda de L.T.A. e X.B.T.
1551/2020	19-10-2020	Levantamento de reparo formulados formulados á proposta de concesión de premios do XI Concurso de Escaparates de Nadal 2019
1552/2020	19-10-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Honores e Distincións do 22.10.2020
1553/2020	20-10-2020	Aprobación do gasto para a subministración de bolsas de material reciclado para o reparto de alimentos na Despensa Municipal de Alimentos do Concello de Cambre.
1554/2020	20-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 14.690,81 euros
1555/2020	20-10-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 1149,50 euros
1556/2020	20-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.M.L.M. durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1557/2020	20-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.R.M.R. durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1558/2020	20-10-2020	Reposición legalidade urbanística a R.M.P., por construción dunha vivenda unifamiliar sen axustarse á licenza concedida, así como por unha construción auxiliar e unha piscina sen título habilitante no lugar



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		da Igrexa, parroquia de Cela
1559/2020	20-10-2020	Concesión de premios outorgados polo xurado do XI Concurso de Escaparates de Nadal 2019
1560/2020	20-10-2020	Denegación axuda aluguer a A.V.M. por ter avalista no contrato de aluguer
1561/2020	20-10-2020	Desistencia axuda gas M.J.B.B.
1562/2020	20-10-2020	Denegación axuda aluguer a S.R. por superar a unidade familiar o límite de ingresos
1563/2020	20-10-2020	Denegación axuda alimentación básica e hixiene persoal a F.H. por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido pola ordenanza
1564/2020	20-10-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.C.L. durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto. (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1565/2020	20-10-2020	Convocatoria subvencións asociacións empresariais 2020
1566/2020	20-10-2020	Expediente sancionador a R.M.P., por construción dunha vivenda unifamiliar sen axustarse á licenza concedida, así como por unha construción auxiliar e unha piscina sen título habilitante no lugar da Igrexa, parroquia de Cela
1567/2020	20-10-2020	Contrato menor a Berrobambán, S.L. / Paula Carballeira / Animación á lectura nas bibliotecas
1568/2020	20-10-2020	Expediente de transferencia de crédito núm.11/2020. Investimentos deportivos.
1569/2020	20-10-2020	Aprobación da conta xustificativa Cultura no Camiño + 2020
1570/2020	21-10-2020	Desistencia axuda recibo de luz de M.T.O.L.
1571/2020	21-10-2020	Proposta de aprobación de retribución polo desempeño de funcións como tesoureira en acumulación pola secretaria-interventora do concello de Xermade no concello de Cambre en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Administración local de data 8 de outubro de 2020
1572/2020	21-10-2020	Tramitación de Decretos - 6151/2020 Resolución de primeiras alegacións ordinario (multas tráfico)
1573/2020	21-10-2020	Tramitación de Decretos - 6249/2020 Resolución de primeiras alegacións ordinario (multas tráfico)
1574/2020	21-10-2020	Tramitación de Decretos - 99500000020952 Acordo inicio non identificación condutor
1575/2020	21-10-2020	Denegación axuda recibo aluguer a C.A.R.L. por estar o recibo xa pagado
1576/2020	21-10-2020	Denegación axuda aluguer a C.E.Z. por ter seguro de impago
1577/2020	21-10-2020	Resolución adianto da nómina do mes de outubro de 2020 a favor de R.L.V.
1578/2020	21-10-2020	Resolución que aproba lista provisional admitidos/excluídos Técnico Orientación Laboral interino
1579/2020	22-10-2020	Denegación tarxeta estacionamento a R.F.C.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1580/2020	22-10-2020	Denegación tarxeta estacionamento a M.P.M.
1581/2020	22-10-2020	Denegación axuda alimentación básica e hixiene persoal a F.H. por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido pola ordenanza
1582/2020	22-10-2020	Avocación de competencias da 3ª tenente de alcalde dende o día 22 de outubro ata a súa reincorporación
1583/2020	22-10-2020	Resolución lista provisional técnicos xestión económico -financeira interinos
1584/2020	22-10-2020	Baixa condutor en licenza taxi número 25 (C.P.S.) con data 25 de marzo de 2020.
1585/2020	22-10-2020	Baixa condutor en licenza taxi número 19 (J.A. L.P)
1586/2020	22-10-2020	Compra de libros de lectura obrigatoria e outros fondos para as bibliotecas municipais

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., adjudicataria da obra denominada "Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple" incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2017. Expediente 2017/C003/000014

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Mecano Obras y Reformas, S.L., adjudicataria da obra denominada "Nova rede de saneamento na rúa Pravio, Cambre" incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2016 da Deputación da Coruña. Expediente 2017/C003/000009

- Adjudicación do contrato menor para a "Adecuación regulamentaria da seguridade de centros de mando alumeadado publico e Baixa Tensión en Cambre", á entidade "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." (INSTELEC), no prezo ofertado de 14.589,12 € sen IVE, 17.652,84 € IVE engadido. Exp.: 2019/C002/000366

- Proposta de adjudicación do "Servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do programa "Vente de Marcha" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023", a prol do licitador "Camping Os Fieitás SL", no prezo anual ofertado de 15.187,48 euros sen IVE, 18.376,85 euros IVE incluído, resultando o importe total para os dous anos de contrato de 30.374,96 euros sen IVE, 36.753,70 euros IVE incluído. Expte: 2020/C004/000005

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., adjudicataria da obra denominada "Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple" incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2017. Expediente 2017/C003/000014**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 19 de setembro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* para a execución da obra denominada “*Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple*” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2017.  
Expediente 2017/C003/000014

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal con data de 6 de agosto 2018 unha garantía definitiva por medio de un aval bancario nº 369186 de data 24/07/2018 e importe de 2.036,33 euros e con número de rexistro 837, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal., con data do 06 de abril de 2020.

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 309/2020 emitido pola Intervención Municipal con data do 14 de outubro de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*”, con CIF B1549.... e enderezo na rúa A Brea, nº 52, Mesón do Vento, 15689 – Ordes (A Coruña), no expediente número 2017/C003/000014, para a execución da obra denominada “*Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple*” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2017.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Mecano Obras y Reformas, S.L., adxudicataria da obra denominada “Nova rede de saneamento na rúa Pravio, Cambre” incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2016 da Deputación da Coruña. Expediente 2017/C003/000009**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 16 de febreiro de 2018, asinou o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Mecano Obras y Reformas, S.L.* para a execución da obra denominada “*Nova rede de saneamento na rúa Pravio, Cambre*” incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2016 da Deputación da Coruña. Expediente 2017/C003/000009

Visto que no antedito expediente depositouse mediante aval bancario número 8215/00686 na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 30/01/2018 e importe de 1.637,00 euros, con número de rexistro 791, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 19 de outubro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 25 de outubro de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Mecano Obras y Reformas, S.L.*”, con CIF B7037.... e enderezo na Rúa Marantes, nº 8, 15884, Santiago de Compostela, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000009, para a execución da obra denominada “*Nova rede de saneamento na rúa Pravio, Cambre*” incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2016 da Deputación da Coruña.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Adjudicación do contrato menor para a “Adecuación regulamentaria da seguridade de centros de mando alumeadado público e Baixa Tensión en Cambre”, á entidade “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC), no prezo ofertado de 14.589,12 € sen IVE, 17.652,84 € IVE engadido. Exp.: 2019/C002/000366**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 10/09/2019 elaborouse por don Ignacio Fernández Díaz, enxeñeiro técnico industrial municipal, memoria valorada para a obra de adecuación regulamentaria da seguridade de centros de mando alumeadado público e baixa tensión no municipio de Cambre, cun orzamento de 14.630,11 € sen IVE, 17.702,43 € IVE incluído.

Con datas 16/09/2019 e 13/10/2020 emítense propostas-informes de necesidade de contratación, asinados polo enxeñeiro técnico industrial municipal, a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivados na necesidade de adecuar as instalacións dos centros de mando do alumeadado público e baixa tensión do municipio á normativa sectorial aplicable. Esta actuación previa é preceptiva para que o Concello poida solicitar á compañía subministradora de enerxía eléctrica os cambios de potencia oportunos que supoñan un aforro económico para as arcas municipais, cambios de potencia que nas condicións actuais non poden realizarse. Concretamente, as obras consistirán na reforma das instalacións de ligazón coa compañía subministradora coa substitución dos centros de mando existentes non regulamentarios por outros de tipo homologado en diferentes emprazamentos. A continuación, deberá efectuarse a legalización administrativa da subministración mediante a inspección dun Organismo de Control Acreditado, como resulta preceptivo legalmente de acordo co RD 842/2002, de 2 de agosto, para o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión (incluíndo as súas instrucións técnicas complementarias), isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con datas do 16/10/2019 e 09/10/2020 emítense sendos informes aclaratorios polo enxeñeiro técnico industrial municipal, nos que conclúe que as actuacións previstas “non se atopan recollidas no apartado mantemento modificativo do prego de Prescricións Técnicas” do contrato para a “Conservación, mantemento e mellora das instalacións de alumeadado municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación

ornamental de festas e Nadal" (exp. 2017/C4/4) e polo tanto "a execución desta intervención debe realizarse de xeito independente ao contrato de mantemento" que o Concello ten subscrito coa entidade "INSTELEC".

Con data 11/08/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 165 21000, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 23/09/2020 envíanse invitacións a formular oferta a tres empresas capacitadas para a execución do contrato.

Con data 29/09/2020 emítese informe polo enxeñeiro técnico industrial municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CELNOR SERVICIOS SLU
- ELECTRICIDAD PERMUY S.L.
- INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	14.628,00 €
CELNOR SERVICIOS S.L.U.	14.630,11 €
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	14.589,12 €

formulando proposta de adxudicación da obra de "Adecuación regulamentaria seguridade centros de mando alumeadado publico e baixa tensión en Cambre", á entidade INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L. con NIF B150\*\*\*\*, domicilio en rúa Ermita 34, polígono A Grela, 15008 A Coruña, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de adxudicación, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 20 de outubro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 237/2020-Reparo 133 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 24 de outubro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do

Concello en materia de iluminación pública, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada para a obra de “Adecuación regulamentaria da seguridade de centros de mando alumeado público e baixa tensión no municipio de Cambre”, elaborada polo enxeñeiro técnico industrial municipal, cun orzamento de 14.630,11 € sen IVE, 17.702,43 € IVE incluído; así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 165 21000.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000366, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato para a “Adecuación regulamentaria da seguridade de centros de mando alumeado público e baixa tensión no municipio de Cambre”, á entidade INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L. con NIF B150\*\*\*\*, domicilio en rúa Ermita 34, polígono A Grela, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 14.589,12 € sen IVE, 17.652,84 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de adxudicación, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Désígnase como director da obra e responsable municipal do contrato ao enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese a don Ignacio Fernández Díaz, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adxudicación do “Servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do programa “Vente de Marcha” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023”, a prol do licitador “Camping Os Fieitás SL”, no prezo anual ofertado de 15.187,48 euros sen IVE, 18.376,85 euros IVE incluído, resultando o importe total para os dous anos de contrato de 30.374,96 euros sen IVE, 36.753,70 euros IVE incluído. Expte: 2020/C004/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000005 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) do “Servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do programa “Vente de Marcha” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023”, cun orzamento base de licitación de 46.660,34 euros IVE incluído para os dous anos do contrato.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na acta da mesa de contratación de data 14 de agosto de 2020 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola mesa de contratación a prol do licitador “Camping Os Fieitás, S.L.”, no prezo anual ofertado de 15.187,48 euros sen IVE, 18.376,85 euros IVE incluído, resultando o importe total para os dous anos de contrato de 30.374,96 euros sen IVE, 36.753,70 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presente a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva do informe emitido polo animador xuvenil municipal con data do 14 de outubro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 21 de outubro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 326/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de outubro de 2020.

Á vista do establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 30 de xuño e 9 de xullo de 2020 declarar válida a licitación, admitindo nela ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 9 e 10.1 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Aventeira S.Coop.Galega
- Campa Formación e Intervención Socioeducativa S.L.
- Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medioambiental CEM
- Camping Os Fieitas, S.L.
- Hebe Sport, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación de data 14 de agosto de 2020 e de conformidade co informe emitido polo animador xuvenil municipal con data de 13 de agosto de 2020 que consta transcrito na Acta da Mesa de Contratación, a puntuación correspondente aos criterios de valoración non evaluables mediante fórmulas que constan na cláusula 13.2 b) do prego de cláusulas administrativas particulares: "Proxecto de rutas: Ata 25 puntos, desglosado da seguinte forma: b.1. Destinos: ata 13 puntos (...) b.2. Metodoloxía de traballo: ata 6 puntos (...), b.3 Folleto informativo: ata 2 puntos (...), b4. Actividade xuvenil complementaria: ata 4 puntos":

Entidade	Proxecto
HEBE SPORT S.L.	22,25 puntos
CEM, S. COOP. GAL.	21,38 puntos
CAMPING OS FIEITÁS S.L.	21,37 puntos
CAMPA S.L.	18,61 puntos
AVENTEIRA, S. COOP. GAL.	17,49 puntos

O desglose de puntuacións obtidas polas entidades licitadoras nos criterios non matemáticos, segundo o establecido na cláusula 13.2.b) do PCAP é a seguinte :

CRITERIOS	AVENTEIRA	CAMPA	CEM SCG	OS FIEITAS	HEBE SPORT
Destinos 20	3,44	3,58	3,93	3,44	7
Destinos 20-23	2,6	3,68	5,45	5,93	5,25
Metodoloxía	6	6	6	6	4
Folleto	2	1,5	2	2	2
Actic. Compl.	3,45	3,85	4	4	4
TOTAL	17,49	18,61	21,38	21,37	22,25

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 14 de agosto de 2020, a puntuación correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 13.2 a) do prego de cláusulas administrativas particulares: "Oferta económica: ata 75 puntos", así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, cuxo límite queda establecido en 14.752,69 € sen IVE.

	AVENTEIRA	CAMPA	CEM SCG	OS FIEITAS	HEBE SPORT
TOTAL S/IVE	17554,89	18958,17	17044,85	15187,48	15780,28
TOTAL C/IVE	21241,42	22939,39	20624,27	18376,85	19094,14
BAIXA	1726,24	322,96	2236,28	4093,65	3500,85
BAIXA%	8,95	1,68	11,60	21,23	18,16
PUNTOS	31,63	5,92	40,97	75,00	64,14

Tendo en conta o disposto na cláusula 13.5 do PCAP, "Ofertas anormalmente baixas", o carácter desproporcionado ou anormal das baixas apreciarase de conformidade co disposto no artigo 149 LCSP, aplicando os criterios establecidos no art. 85 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro, e á vista da valoración efectuada, resulta que ningún dos licitadores está incurso en oferta anormalmente baixa.

**Cuarto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 14 de agosto de 2020, as seguintes puntuacións totais e a conseguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha das ofertas presentadas resulte anormalmente baixa:

EMPRESA	Puntuación proxecto de rutas	Puntuación oferta económica	TOTAL
Camping Os Fieitás SL	21,37	75	96,37
Hebe Sport SL	22,25	64,14	86,39
Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medioambiental CEM	21,38	40,97	62,35
Aventeira Sociedad Cooperativa Galega	17,49	31,63	49,12
Campa Formación e Intervención Socioeducativa SL	18,61	5,92	24,53

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 14 de agosto de 2020, adxudicar o "Servizo de desenvolvemento das rutas de sendeirismo do programa "Vente de Marcha" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023" (exp. 2020/C004/000005) en favor da entidade "Camping Os Fieitás S.L.", con NIF B364\*\*\*\*\* e enderezo en Lugar Balea San Vicente, 36000 O Grove (Pontevedra), no prezo anual ofertado de 15.187,48 euros sen IVE, 18.376,85 euros IVE incluído, resultando o importe total para os dous anos de contrato 30.374,96 euros sen IVE, 36.753,70 euros IVE incluído, isto tendo en conta o proxecto de rutas ofertado por dito licitador, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse no prezo ofertado e no proxecto de rutas presentado para a execución do servizo.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 25.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Ademáis, **antes do inicio da execución do contrato**, a entidade adxudicataria deberá presentar a documentación relativa ao persoal adscrito á execución do contrato, en concreto, **os contratos e demais documentos previstos nos puntos 2 a 5 da cláusula 15.J ) do Prego de cláusulas administrativas particulares, incluídas as certificacións negativas do Rexistro Central de Delincentes Sexuais.**

A falta de presentación dalgún dos documentos esixidos na cláusula 15.J) dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva, isto segundo o establecido na cláusula 17.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sétimo:** De conformidade coa cláusula 17.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable do contrato ao coordinador de Cultura e Educación municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Ademáis, e con carácter previo ao comezo da execución do contrato ou prestación do servizo, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo, e por tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e demais documentos relacionados nos puntos 2 a 5 da cláusula 15. J), isto segundo o establecido na cláusula 17.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno** : Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia